

TEATRO DO NOROESTE

PRESENTA



ROMEO



€
XULIETA

de WILLIAM SHAKESPEARE

dirección: EDUARDO ALONSO

LUMA GÓMEZ - CHRISTIAN ESCUREDO - SARA CASASNOVAS - ANTELA CID - FERNANDO TATO - ALEJANDRO CARRO
OMAR RABUÑAL VARELA - VICTORIA PÉREZ VARELA - FERNANDO GONZÁLEZ - AITOR REI - JACOBO BUGARÍN OSORIO

producción - EVA ALONSO

PRESENTACIÓN

Teatro do Noroeste, é unha compañía que, na súa dilatada traxectoria de 20 anos, ten producido e distribuído unha grande cantidade de espectáculos. Entre estes espectáculos pódense salientar desde textos clásicos como: Rei Lear, Macbeth ou Noite de Reis de William Shakespeare, ou As vodas de Fígaro de Caron de Beaumarchais, até textos máis contemporáneos como Os Xustos de Albert Camús, ou de autores galegos como Historias Peregrinas ou A grande noite de Fiz de Miguel Anxo Murado e Unha rosa é unha

rosa de Suso de Toro. Entre moitos outros. Agora mesmo ven de representar un texto de autor contemporáneo, o musical Imperial: Café cantante. Vigo 1936 de Eduardo Alonso. Cadra, polo tanto volver aos clásicos. Esta vez a obra seleccionada é Romeo e Xulieta de William Shakespeare.

Romeo e Xulieta é unha das obras máis representadas ou versionadas, e serviu de inspiración para elaborar moitos argumentos para o cine. Agora estrearase en Galicia.

Romeo e Xulieta fálanos das





dificultades, ás veces insalvables, que se atopan cando se pretende conxuntar o particular e o social. O proceso de socialización non é un proceso natural e dinámico, senón que é conflictivo e, ás veces, destrutivo.

O conflito entre o persoal e o familiar non sempre se resolve. E mesmo cando se resolve, non sempre se resolve ben.

En Romeo e Xulieta conxúganse catro elementos observados de forma específica: O Destino, como percorrido ou proxecto vital, a Acción, como compromiso coa realidade, o Amor como exaltación da individualidade e a Morte como a destrución e reunificación de todo.

En Romeo e Xulieta, non só o Amor é o desencadeante da traxedia, se cadra

o Impulso, a Acción non meditada resulta máis determinante do desenlace final. O vello conflito familiar é un pano de fondo que colabora, pero non determina.

Romeo e Xulieta é a obra onde con máis tino e precisión aparecen reflectidas as virtudes e as eivas da mocidade, pero onde os adultos non deixan de estar comprometidos co desenlace final e fatal.

Cando cada vez se instala con maior contundencia o culto á xuventude. Cando ser novo ou mozo, parece, de por si, un valor fundamental, Teatro do Noroeste aborda Romeo e Xulieta como unha mirada curiosa ante ese fenómeno que pasa cos anos: a mocidade.



A OBRA

O odio antigo é xermolo dun novo odio. O sangue derramado mancha máis que o propio chapapote. En que foron dar estas rúas antes tranquilas e seguras? Pode da xenreira nacer o amor? O lamentable fin, a desventura ábrese camiño cara aquí. A ira entre veciños, a carraxe entre próximos só leva á fatal desgraza. O rancor entre pais atenaza aos fillos. Oh, camiño terrible do amor marcado pola morte! Xa nunca máis haberá sosego, xa nunca máis...

Eu maldígovos, bestas das rúas! Que só sabedes apagar o lume da ira co sangue dos inimigos. Gustaríame que vos tragase a terra e desaparecerades da súa face. Alguén pode vivir así? De batalla en batalla,

de liorta en liorta, deixando a vida dos máis queridos no camiño, cando non a propia. Alguén pode vivir así? Si, o xénero humano, a besta humana que todo o destrúe, mesmo a si propio.

O destino arma a súa estratexia como o arqueiro a súa ballesta, a modo, con meticulosidade. Acaso as etapas máis sobranceiras dunha vida non nacen da casualidade? Cambia unha soa pedra do camiño, un minúsculo croio, e cambiarás todo o camiño. Os rapaces viven ledos as súas vidas sen saber o que lles agarda á volta da esquina. Eu brindo por esta pelota de terra que xira e xira e nunca pasa polo mesmo sitio.

Callou a desgraza como a neve en primavera. Naceu do odio o amor como a flor da esterqueira, tan fermosa pero tan solitaria.

Acaso será o amor correspondido? A fermosa inimiga agarda na madrugada, sentindo no seu corazón nacer novos e fortes sentimentos. Pero, como a araña agarda a bolboreta, así a desgraza agarda a paixón.

Ao pracer violento segue un final violento que morre en pleno éxtase, como o lume e a pólvora, que ao bicárense se extinguen. O doce mel enfastía e a súa excesiva dozura aburre a quen o degusta. Amor, amor, amor, modérate e durarás!

Non chega antes que o tren, quen apura polo corredor do vagón. Felicidade! Felicidade! Felicidade! Por que sempre buscas os escondedoiros máis difíciles de atopar?

O fío da madeixa enguedéllase como nunha obra de teatro. Que será dos amantes? Que será dos amigos? Que será, en fin, destes pobres monecos movidos polos fíos crueis do destino?

Que pasou aquí? Mortos descansan os namorados! Eles só procuraban o amor e o odio alleo levounos á morte. O destino dispuxo que o amor purgara as culpas. Xamais se escoitou unha historia tan desventurada como a de Romeo e Xulieta.



unha produción de Teatro do Noroeste

O EQUIPO

ELENCO (por orde de intervención)

MENDIGA.....Luma Gómez

SANSÓNAitor Rei

GREGORIO.....Jacobo Bugarín Osorio

ABRAHÁNFernando González

BEMBA.....Victoria Pérez Varela

TEBALDO.....Fernando Tato

ROMEO.....Christian Escuredo

PARIS.....Omar Rabuñal Varela

ANA.....Antela Cid

XULIETA.....Sara Casanovas

MERCUCHIO.....Alejandro Carro

ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO
Equipo Taetro

SELECCIÓN MUSICAL
Brais Morán

PRODUCCIÓN
Eva Alonso

DRAMATURXIA, ILUMINACIÓN E DIRECCIÓN
Eduardo Alonso

Actriz cunha longa e prolífica carreira profesional. Traballou en diversas compañías teatrais, así como en múltiples montaxes do Centro Dramático Galego en papeis protagonistas. Fixo importantes traballos cinematográficos.

Como actriz de televisión realizou, entre outras, series como: Servicio de urgencias ou Celia.

Como actriz de cine realizou traballos como: coprotagonista no papel de Marica da Fame na película El bosque animado, protagonista no papel de Urxa na película Urxa.

Como actriz de teatro interveu en máis de corenta espectáculos teatrais, entre outros, nos seguintes: O enfermo imaxinario, Medea, As alegres casadas, Os xustos, Un soño de verán, Ligazón, Las galas del difunto, Alta Comedia, As damas de Ferrol, Ensaio, Imperial: Café cantante. Vigo 1936...



LUMA GÓMEZ



CHRISTIAN ESCUREDO

Diplomado en Educación Musical pola Universidade de Valladolid, cursa estudos de interpretación na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Realiza cursos de danza moderna e jazz no conservatorio de danza Mayeysis de Vigo, cursos de interpretación en Scena 21, cursos de danza na Escola de danza de Valladolid, cursos de interpretación coral na Universidade de Valladolid, curso de técnica vocal impartido por Jordi Rovira, participa nos talleres de interpretación de Carlos Burguillo, curso de pantomima con Julio Castronuovo, curso de interpretación con Ángel Velasco, Estill Voice Training System con Helen Rowson e Paul Furrington, Curso de canto moderno e jazz impartido por Ramón Bermejo, curso de interpretación con Jorge Eines, e Teatro Musical na Escola de Teatre Musical Memory de Barcelona.

Foi actor nos espectáculos teatrais: El rapto en el Serrallo, O roce das ás, O Papa e a Bruxa e Viva el teatro.

Actriz cunha sólida preparación, participou en cursos de interpretación con John Strasberg e con Casa Hamlet da Coruña e Cuarta Pared de Madrid. Formouse en canto con Najla Shami, en cabaré con Ángel Burgos, en voz e expresión corporal con Mar Navarro e Andrés Hernández e en clown con Jöhns Pappila.

Como actriz de televisión realizou, entre outras, series como: El comisario, Miña sogra e máis eu, As leis de Celavella, A vida por diante ou Maridos e Mulleres.

Como actriz de teatro interveu en: Rulfo, polo pequeno ceo da porta, espectáculo integrado por diversos textos de Juan Rulfo e producido polo grupo de teatro Hac Luce. Interveu tamén nos espectáculos de cabaré: Feeling x Feeling e Feeverísimo.



SARA CASASNOVAS

unha produción de Teatro do Noroeste

Na súa formación actoral destacan os cursos de interpretación recibidos no Laboratorio de Teatro William Layton de Madrid, un curso intensivo de interpretación impartido por Adán Black, un curso de interpretación impartido por Jonh Strasberg e un curso de adestramento físico impartido por Christian Suchy. Participou na “Escuela libre de Interpretación” con dirección pedagóxica de Sanchís Sinisterra até o último nivel, e cursa estudos de interpretación na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Actriz nos curtametraxes: Gente Nueva, Última oportunidade e El último peldaño. Participa na teleserie Miña sogra e máis eu, e nas longometraxes: Hotel Tívoli e Por ti y por todos mis compañeros. Como actriz de teatro interveu en: Os habitantes da casa deshabitada, Os vodas de Fígaro e O último galiñeiro.



ANTELA CID



Licenciado en Historia da Arte Contemporánea, pola Universidade de Santiago de Compostela, cursa estudos de interpretación na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Realizou cursos de dobraxe con Luis Iglesia e Marta Pinillos e de interpretación ante a cámara impartido por Manane Rodríguez.

Foi actor na compañía Repámpanos, participando nas montaxes teatrais: As cerezas de Ofelia e Falta Hamlet.

Como actor de audiovisuais participa nas series: A vida por diante, Avenida de América e Pepe, o Inglés.

É actor nas curtametraxes: Alex, Muerte en la bañera.

É actor de dobraxe en diferentes estudos de dobraxe de Galicia.

FERNANDO TATO

Diplomado en Arte Dramática pola escola de teatro Santart, cursa estudos de interpretación na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Realizou cursos de interpretación con Theodor Smeu, Carlos Álvarez-Ossorio e Alberte Cabarcos. Realizou cursos de clown con Marián Bañobre, de o actor ante a cámara con Sandra Montes, de dirección de escena con Theodor Smeu, de modalidades de expresión vocal no teatro grego e de maquillaxe escénica con Miklos Bács, de entrenamiento e improvisación física con Iván Marcos e de interpretación de cine con Manane Rodríguez.

Como actor de teatro participou nos seguintes espectáculos: Señorita Julia, Sed, Medea XXI, Edipo Rey, Orestíada, El gran teatro del mundo, Naumaquia, Confesión, Fé e Buscase un clown. É actor nas curtametraxes: Lobos, Non se recibe dó. E na longametraxe: Un cuento para Olivia.



ALEJANDRO CARRO



OMAR RABUÑAL

Licenciado en Bioloxía pola facultade de Ciencias de A Coruña, e técnico superior en realización de audiovisuais pola Escola de Imaxe e Son de A Coruña, e cursou estudos de interpretación en Casa Hamlet.

Foi axudante de dirección e de produción coa compañía Ancora Produccións, S.L. nos espectáculos: Paso de cebra e Final de película, e no primeiro deles participou como actor.

Foi actor de cine nas curtametraxes: Malaspulgas, Anomalía, Pitido final, Un día máis, N.Y., MUso, Maldito dinero, Miedo, Más que hermanos, Belice, Ánimas, Camiños violentos, Onírica, Chamábanlle Feáns e Mira e veras! Foi, tamén, director das curtametraxes: O intruso, A crise da pesca, Materos de medianoite e Ida e volta.

Actriz cunha grande preparación universitaria, diplomada en maxisterio, licenciada en Humanidades pola Universidade de Santiago de Compostela, ten o postgrao de Estudos Teatrais e Audiovisuais pola Universidade da Coruña, e o Doutoramento Teatro, Expresión Corporal e Sociedade pola mesma universidade. Recibiu cursos de voz con Marta Pinillos, de expresión a partir do movemento con Mar Navarro e Andrés Hernández, de practica teatral na Universidade de Avignon con Carlo Boso, de comedia da arte con Antonio Faba e de ortofonía e dicción con Jesús Aladrén. Como actriz de televisión participou en: Diario dun skin, La rosa de Alejandría, Con perdón. Como actriz de teatro interveu en: Marivel y la extraña familia, Entremes do Século de Ouro, Elissir de amore, Naumaquias, Peregrinos da noite, Comedias cinéfilas e Viva el teatro.



VICTORIA PÉREZ



FERNANDO GONZÁLEZ

Diplomado en Ciencias Empresariais na Universidade de Ourense, cursa estudos de interpretación na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Realizou cursos de voz coa compañía Sarabela Teatro, curso de clown impartido por Mónica Sueiro, curso de mimo e pantomima impartido por Esther Movilla, curso de mimo con Julio Castronuovo, e cursos de interpretación na Escola do Auditorio de Ourense.

Foi actor nos espectáculos teatrais: La gran máquina teatral, Momo, Limpando as rúas (espectáculo de clown de rúa), Romeo e Xulieta, O soño dunha noite de verán, En alta mar e Non.

É actor nas curtametraxes: Pulgas e Surfer.

A súa formación actoral comeza no taller de teatro dirixido por Loli Buján, cursa estudos de interpretación na Escola de Teatro Municipal de Vigo e na Aula de Teatro de Ourense, Realizou cursos de comedia da arte impartido por Tito R. Asorey, de método Lecocq, impartido por Cinthia Collavite, de clown impartido por Jesús Jara, de voz impartido por Jesús Marco e Vicente Fuentes, de zancos impartido por Avelino González, de monólogos cómicos impartido por Eva Hache e curso de máscaras impartido por Jesús Costa.

Participa nos espectáculos teatrais: La ratita (musical), Un féretro para Arturo, Os sete pecados, O rei Lear, Frankenstein, Catro personaxes en busca dunha sopa e A escada dos tempos. Participou en espectáculos de rúa como: Móvome e Profusión, e nas series: Rías Baixas e Fíos.



AITOR REI



JACOBO BUGARÍN

Cursa o segundo ciclo de estudos de arquitectura na Universidade de A Coruña. Realiza cursos de iniciación á dobraxe impartido por Luís Iglesia, de iluminación teatral impartido por Baltasar Patiño, cursos de interpretación na Aula de teatro da Universidade de Santiago de Compostela, entre estes: A dramaturxia do actor e Shakespeare impartido por Elena Bezanilla, Teatro corporal e pantomima impartido por Benito Cañada, A construción da personaxe impartido por Moisés Morais, e O traballo coa improvisación impartido por Ivonne Ruiz. Foi actor nos espectáculos teatrais: Los cuernos de don Friolera, As vodas de Fígaro, A grande noite de Fiz, Eloisa está debaixo de un almendro, Vida e obra de Dalomismo, Rulfo, Confesións e Naumaquias.

EDUARDO ALONSO

dramaturxia, iluminación e dirección

Autor, adaptador e, sobre todo, director teatral.

Comezou a súa actividade teatral en 1965, sendo cofundador de diversas compañías teatrais.

En 1984 recibiu o premio I Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, concedido á persoa que destacase polo seu labor especial a prol do teatro galego, por ter posto en marcha o Centro Dramático Galego e ser o seu primeiro director.

Recibiu o Premio Compostela na súa edición de 1992 á mellor iluminación teatral por Os xustos, de Albert Camus e dirección propia. Recibiu o Premio María Casares, na súa edición de 1997, á mellor iluminación teatral por Noite de Reis, de William Shakespeare e dirección propia.

Como director de teatro realizou máis de cincuenta montaxes de obras de teatro, entre elas Celtas sen filtro, Os vellos non deben namorarse, O enfermo imaxinario, As alegres casadas, Rei Lear, Un soño de verán, A grande noite de Fiz, Galileo Galilei, Macbeth, Historias peregrinas, Lisístrata, A Cacatúa verde, As damas de Ferrol, Ensaio ou Imperial: Café cantante. Vigo 1936.

TEATRO DO NOROESTE

HISTORIAL DA COMPAÑÍA

- MEDEA, de Eurípides - Séneca - Anouilh. Foi estreada na Aula de Cultura de Caixa Galicia de Santiago de Compostela o día 24 de novembro de 1.987.
- GALICIA, S.L., de diversos autores, en coproducción con Teatro do Malbarate. Foi estreada no Pabillón Municipal de Pontecesures (Pontevedra) o día 25 de novembro de 1.988.
- REI LEAR, de W. Shakespeare. Foi estreada no Teatro Principal de Santiago de Compostela o día 3 de maio de 1.990.
- TAGENATA, de X.L. Méndez Ferrín, en coproducción con Teatro Caritel. Foi estreada no Salón de Actos do I.B. Xelmírez I de Santiago de Compostela o día 27 de novembro de 1.990.
- OS XUSTOS, de A. Camus. Foi estreada no Salón de Actos do I.B. Xelmírez I de Santiago de Compostela o día 19 de abril de 1.991.
- A GRANDE NOITE DE FIZ, de Miguel Anxo Murado. Foi estreada no Teatro Principal de Santiago de Compostela o día 17 de Outubro de 1992.
- GALILEO GALILEI, de Bertolt Brecht. Foi estreada na Aula de Cultura Caixa Galicia de Santiago de Compostela o día 3 de Marzo de 1993.
- AS VODAS DE FÍGARO, de C. De Beaumarchais. Foi estreada o día 8 de Febreiro de 1994 no Teatro Principal de Santiago de Compostela.
- MACBETH, de W. Shakespeare. Foi estreada o día 24 de Xullo de 1994 no Auditorio do Castelo de Ribadavia. (Ourense).
- HISTORIAS PEREGRINAS, de Miguel Anxo Murado. Foi estreada o día 14 de Febreiro de 1995 no Teatro Principal de Santiago de Compostela.
- NOITE DE REIS, de W. Shakespeare. Foi estreada o día 29 de Febreiro de 1996 no Teatro Principal de Santiago de Compostela.
- UNHA ROSA É UNHA ROSA, (UNHA COMEDIA DE MEDO), de Suso de Toro. Foi estreada o día 3 de Abril de 1997 no Teatro Principal de Santiago de Compostela.
- ESTACIÓN MAHAGONNY, de Alexandra Moreira da Silva. En coproducción con Teatro do Noroeste de Viana do Castelo e o Centro Dramático Galego. Foi estreada no Auditorio Pazo de Congresos de Pontevedra o día 25 de Abril de 1998.
- FEIRANTES, sobre textos de Álvaro Cunqueiro. Foi estreada o día 21 de xullo de 1.999 no Auditorio do Castelo de Ribadavia (Ourense).
- A CELESTINA, COMEDIA DOS TOLOS AMORES DE CALISTO E MELIBEA, de Eduardo Alonso. Foi estreada no Sallonteatro de Santiago de Compostela, o día 23 de maio de 2.000.
- O PAÍS ACUÁTICO (INFANTIL) de Eduardo Alonso. Foi estreada no Auditorio Municipal de Ribadeo (Lugo), o día 31 de outubro de 2.000.
- ALTA COMEDIA, de Eduardo Alonso. Foi estreada no Auditorio do Centro Torrente Ballester de Ferrol (A Coruña), o día 25 de outubro de 2.001.
- CAMPO SUR, de Lino Braxe. Foi estreada na Igrexa da Madalena, no Festival Internacional de Ribadavia (Ourense), o día 23 de xullo de 2.002.
- AS DAMAS DE FERROL, de Eduardo Alonso. Foi estreada no Auditorio do Centro Torrente Ballester de Ferrol (A Coruña), o día 17 de outubro de 2.002.
- ENSAIO, de Eduardo Alonso. Foi estreada na Sala Yago de Santiago de Compostela, o día 4 de marzo de 2.004.
- A TIXOLA POLO MANTO (MULLER, NON É PARA TANTO), de Lola Correa. Foi estreada no Museo de Arte Contemporánea de Vigo, o día 8 de marzo de 2.005.
- CONFESIÓN, de Eduardo Alonso. Foi estreada no Auditorio do Centro Torrente Ballester de Ferrol (A Coruña), o día 07 de abril de 2.005.
- A CASA DO PAI, de Carlos Álvarez-Ossorio. En coproducción con Cámara Negra (Sevilla) e Noescafé Teatro (Vigo). Foi estreada no Auditorio do Centro Torrente Ballester de Ferrol (A Coruña), o día 20 de outubro de 2005.
- IMPERIAL: CAFÉ CANTANTE. VIGO 1936, de Eduardo Alonso. Foi estreada no Teatro Principal de Santiago de Compostela (A Coruña), o día 09 de outubro de 2.006.



ROMEO E XULIETA

ESPECTÁCULO PRODUCIDO POR



TEATRO DO NOROESTE, S.L.
Rúa Forniños, s/n – A Pulleira
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telef.: 981 89 87 31 – 629 81 42 97
www.teatrodonoroeste.com
correo@teatrodonoroeste.com

DISTRIBUIDO POR



SALA YAGO, S.L.
Rúa do Vilar, 51 -53
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telef.: 981 58 92 88
www.salayago.com
distribución@salayago.com

SUBVENCIONADO POR



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM – CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTES. XUNTA DE GALICIA.